



**CONVENIO REGULADOR DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA ENTRE O
CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS E ASOCIACIÓN ESPAÑOLA
CONTRA EL CÁNCER**

ANTECEDENTES

- I- A actividade de fomento, que consiste na realización de distintas actuacións da Administración Pública destinadas á axuda, promoción e estímulo da execución de accións privadas de interese xeral, canalízase a través da concesión de subvencións e axudas.
- II- Dita actividade, que constitúe parte importante do sector público financeiro, está regulada principalmente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de Subvención de Galicia.
- III- A normativa citada establece que a xestión das subvencións realizárase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante, e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Todo iso a través dos procedementos de outorgamento previstos legalmente.
- IV- E establece, tamén, que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva.

Non obstante, fai constar que poderán concederse de forma directa as previstas nominativamente nos Orzamentos das Entidades Locais, nos termos previstos nos convenios e na normativa reguladora.

- V- Respecto diso, o artigo 28 da mesma Lei sinala que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as referidas subvencións nominativas.
- VI- E o artigo 65 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establece que son subvencións previstas nominativamente nos orzamentos aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Así mesmo, o procedemento para a concesión de devanditas subvencións iníciase de oficio polo Centro Xestor do Crédito Orzamentario ao que se imputa a subvención ou a instancia do interesado e terminará coa resolución de concesión ou o convenio, tendo en calquera dos casos o carácter de base reguladora da subvención.





- VII- O Concello do Barco de Valdeorras ten, entre outras competencias, a de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, segundo o previsto nos artigos 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de bases do réxime local, e a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a normativa de desenvolvemento.
- VIII- Orzamento desta Entidade Local para o exercicio 2020 prevé un subvención nominativa en favor de **ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER** por importe de **1.680,00 euros** con cargo á aplicación **231/48000**, co obxecto de colaborar no desenvolvemento de actividades de interese común que leva a cabo a citada Entidade.
- IX- De cordo co establecido na Lei xeral de Subvencións arriba citada, cómpre subscribir un convenio no que se regulen o réxime xurídico aplicable, sen prexuízo do establecido na devandita Lei.
- XI- Por AECC solicitude de concesión da axuda prevista, xunto coa documentación que se detalla a continuación:

1. N.I.F da Asociación

2. Declaración de compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de do Barco de Valdeorras en toda a información que realice (impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades ou investimentos (ANEXO I)


3. Descrición do proxecto (ANEXO II)

4. Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2020 (RE 2020/5751), posteriormente corrixido (RE 2020/6208 e 6957), referidos a actividade subvencionada e descrición do proxecto (ANEXO III)

5. Declaración responsable na que se fai constar que cumpre con todos os requisitos para ser beneficiar da axuda segundo o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003; que non está incurso en ningún suposto de incompatibilidade para a percepción de subvencións públicas; que se atopa ó corrente de pago das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións (ANEXO IV).

6. Certificado no que se reflicten as subvencións, axudas ou outras aportacións solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a contía e o concepto polo que foi concedida (ANEXO V)

7. Certificación bancaria do número de conta a nome da asociación por entidade beneficiada no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.



8. Certificados expedidos pola AEAT, ATRIGA e a Seguridade Social acreditativos de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas.

9. Autorización de consulta de datos (ANEXO VI)

Non se aportaron as escrituras de constitución e acta de nomeamento de cargos en vigor ó atoparse xa a disposición do Concello e non haber variación nos datos consignados.

Examinada a devandita solicitude e a documentación presentada, a **Xunta de Goberno Local**, unha vez incorporada de oficio certificación de estar ao corrente coa Facenda Municipal e fiscalizado o expediente pola Intervención, **acordou en data 13 de agosto de 2020 a concesión da axuda por importe de 1.680,00 euros.**

En razón do exposto e co fin de instrumentar a concesión da subvención outorgada, os deberes da beneficiaria e o control do destino dos fondos, reunidos:

Dunha parte Don ALFREDO L. GARCIA RODRIGUEZ, con DNI:
Alcalde- Presidente do **CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS** (en diante, **O Concello**)

E doutra Dona M^a ISIDORA GÓMEZ SEGADE, con DNI: en nome e representación de **ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER** (en diante, **AECC**), coma presidenta da mesma

Ámbolos dous recoñécense con capacidade suficiente e acordan subscribir e o presente **CONVENIO**, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBJECTO E CONTÍA.

É obxecto do presente convenio a colaboración do **CONCELLO** coa **AECC** para o funcionamento ordinario da asociación, que ten como fin o desenvolvemento de accións e actividades para loitar contra o cancro en toda as súas modalidades coñecidas ou que no futuro se coñezan.

A tal fin, o Concello comprométese a facilitar á **AECC** a **cantidade máxima de 1.680,00 euros.**

A contía da subvención se considerará importe certo aos efectos do previsto no art. 32.2 do RLGS. En consecuencia se entende que o Orzamento Xeral do Concello establece a aportación municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do coste total e que, en consecuencia, queda a conta do beneficiario a diferenza de financiación necesaria para a total execución da actividade subvencionada.



SEGUNDA.-GASTOS SUBVENCIONABLES.

Tal subvención servirá para financiar gastos correntes relacionados co funcionamento ordinario de AECC nos que incorra entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2020, incluídos os de persoal, directamente relacionados coa natureza da actividade subvencionada.

Así mesmo, poderán incluírse os gastos de xestión que sexan indispensables para a preparación da documentación requirida por mor da presente subvención.

Esixirase que tales gastos estean efectivamente pagados á data de finalización do prazo de xustificación.

En ningún caso serán subvencionables:

- a) os xuros deudores das contas bancarias
- b) os xuros, recargos e sancións administrativas e penais
- c) os gastos de procedementos xudiciais
- d) os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) os impostos persoais sobre a renda.
- f) os gastos de hostatería, mantemento, conservación ou investimento

AECC obrígase a realizar as xestións oportunas para levar a bo termino ditas actividades, comprometéndose a destinar o importe da cantidade recibida ó desenvolvemento das mesmas.

O persoal para o desenvolvemento pola citada Asociación das actividades indicadas non terá vinculación ou relación laboral ou fiscal co Concello.

TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN: PRAZO E DOCUMENTOS ADICIONAIS DE INGRESOS E GASTOS

O prazo límite de xustificación da subvención rematará o 15 de novembro de 2020, debendo presentar a beneficiaria a seguinte documentación, conforme ó establecido no artigo 26 da Ordenanza Xeral de Subvencións:

- 1.- **Memorias de actuación xustificativa (ANEXO VII)**, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- **Memoria económica ou declaración de axudas**, na que se reflectan os ingresos percibidos (ANEXO VIII)
- 3.- **Facturas**, confeccionadas con arranxo ó disposto no R.D 1619/ 2012 de 30 de novembro) ou **documentos de valor probatorio equivalente** con validez no tráfico mercantil.



No caso das facturas, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Documentos orixinais expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos nos que figuren o número, data de emisión, descrición completa do gasto, prezo unitario, tipo impositivo aplicado (IVE ou equivalente), cota tributaria e importe total expresado euros, así como os datos identificativos (nome, apelidos ou denominación social, NIF e domicilio) do expedidor e do destinatario.
- Tales documentos deberán ser selados por esta Entidade Local coa lenda "*factura utilizada como xustificante de gasto para subvención do Concello do Barco*" con anterioridade á súa presentación.

Admitiranse copias compulsadas por esta Entidade Local, asumindo a beneficiara o compromiso de aportar os orixinais cando sexa requirida a tal fin.

- As operacións que reflectan as facturas deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2020, aínda que a data de emisión sexa posterior.
- Si a descrición do gasto non é suficientemente clara, deberá ir acompañada de nota explicativa da súa relación coa actividade subvencionada.
- No suposto de que a operación que se documente estea exenta do imposto, deberá conter unha referencia ás disposicións correspondentes da Directiva 2006/112/CE, do 28 de novembro, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido, ou aos preceptos correspondentes da Lei do imposto ou indicación de que a operación está exenta.

O disposto nesta letra aplicarase, así mesmo, cando se documenten varias operacións nunha única factura e as circunstancias que se sinalaron se refiran unicamente a parte delas.

- Si está suxeita a retención de I.R.P.F, deberá incluír tipo de retención aplicada, cota resultante e importe a pagar.

No caso de que se xustifiquen gastos de persoal, deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- Aportaranse as nóminas de cada traballador debidamente asinadas polo mesmo e co selo da entidade.
- Acompañaranse os documentos acreditativos do pago da Seguridade Social Recibo de Liquidación de Cotizacións, RLC, antigo TC1; Relación Nominal de Traballadores, RNT dos traballadores cuxas nóminas presentar.



- Igualmente aportaranse documentos acreditativos do pago do IRPF correspondente a devanditas nóminas para que poida ser imputado o importe bruto dos salarios.

4.- Xustificantes de pago

a) PAGO POR TRANSFERENCIA

1. Resgardo do Banco ou Caixa da orde de transferencia realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada, ou
2. Certificado (ou outro título similar) emitido pola entidade bancaria que conteña:
 - O titular e o número da conta na que se carga a transferencia.
 - O ordenador da transferencia.
 - O/a beneficiario/a .
 - O concepto polo que se realiza a transferencia.
 - O importe e a data da operación.

b) PAGO POR DOMICILIACIÓN BANCARIA

1. Notificación bancaria do adeudo ou Extracto da C.C. onde figure o cargo da domiciliación, ou



2. Certificado (ou título similar) emitido pola entidade bancaria que conteña:

- O titular e o número da conta na que se carga o adeudo.
- O ordenador do adeudo.
- O/a beneficiario/a .
- O concepto polo que se realiza o adeudo.
- O importe e data da operación

c) PAGO POR CHEQUE NOMINAL

1. Copia do cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura ou documento equivalente;
2. Extracto da C.C. onde figure o cargo do cheque, e
3. Certificado da entidade bancaria na que conste o número do cheque, o seu importe, identificación de quen o cobra e data do cobro.



Non será preciso presentar o extracto da C.C. se o certificado da entidade bancaria inclúe tamén a identificación do número da conta na que se cargou o cheque e do titular da mesma (que debe coincidir co/a beneficiario/a de a axuda).

d) PAGO EN METÁLICO

1. Factura na que figure a expresión “recibín en metálico” ou “pagado” coa firma e selo do emisor da mesma. Deberá incluír a data de pago do mesmo.

2. Ou certificado do proveedor no que conste a información detallada.

Recoméndase utilizar, sempre que sexa posible, a transferencia bancaria como forma de pago, dado que facilitará os trámites necesarios para o rápido abono da subvención.

O titular da conta bancaria na que se realice o cargo da operación (a transferencia, o adeudo domiciliario, etc.) debe ser o/a beneficiario/a da axuda.

5.- Declaración das actividades realizadas con cargo á subvención outorgada (ANEXO IX) asinada polo Presidente da entidade beneficiaria.

6.-Conta xustificativa (ANEXO X) asinado polo Secretario da entidade beneficiaria, das subvencións, axudas e outras aportacións solicitadas e/ou concedidas por outras entidades ou persoas e para a mesma finalidade, referida neste caso a data de xustificación.

7.-Un exemplar da documentación gráfica da actividade onde conste o patrocinio ou colaboración do Concelle.

8.-Certificado do conxunto das subvencións solicitadas ou concedidas (ANEXO XI)

9.-Certificados expedidos pola AEAT, ATRIGA e SEGURIDADE SOCIAL, acreditativos de estar ó corrente de pago.

O Concello incorporará de oficio ó expediente o que xustifique a ausencia de débedas coa Facenda Municipal.

10.- Declaración responsable sobre posibilidade/imposibilidade de recuperación do IVE (ANEXO XII)

11.- Declaración responsable da aplicación dos fondos da subvención asinada polo Presidente (ANEXO XIII)

12.-As tres ofertas en caso de obras por importe superior a 40.000,00 euros ou servizos ou subministracións por importe superior a 15.000,00 euros

13.-No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados dos mesmos.

CUARTA.-MODIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

○ O importe total de todas as axudas concedidas e recursos obtidos para a mesma actividade non poderá superar o 100% do custo da mesma.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

QUINTA.- REDUCCIÓN DA SUBVENCIÓN

A contía da subvención reducirase nos seguintes supostos:

- a) Se o importe dos gastos xustificadas fose inferior aos gastos efectivamente xustificadas pola entidade sempre que se acredite o cumprimento da finalidade e a realización das actuacións.
- b) Si se obtiveran outras subvencións, ingresos ou recursos que sumados á subvención municipal excederan dos gastos xustificadas. A redución proporcional terá lugar neste caso conforme resulte da redistribución da financiamento total obtida para o obxecto da subvención en función do custe definitivo de acordo co art. 34 RLXS.

No suposto de que as outras subvencións, ingresos ou recursos se obtiveran despois de percibir a subvención municipal e se dera a circunstancia prevista no parágrafo anterior procederá o reintegro.

SEXTA.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA

AECC asume o cumprimento de, como mínimo, as seguintes obrigas:

1º.- A executar correctamente as actividades subvencionadas.

2º.- A xustificar a execución das actividades e a realización dos gastos conforme a este convenio e á normativa aplicable.

3º.- A someterse ás actuacións de comprobación e control que se establecen na Lei Xeral de Subvencións.

4º.- A comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividades subvencionadas.

5º.- A estar ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6º.- A facer constar expresamente, e de forma visible, en calquera dos medios que se utilicen para a difusión das actividades subvencionadas, que as mesmas se realizan co financiamento do Concello do Barco de Valdeorras.

7º.- A solicitar tres ofertas en caso de obras, subministracións ou servizos cando superen o importe do contrato menor previsto na Lei de contratos.

8º.- AECC será a única responsable do tratamento de datos de carácter persoal a que puidera dar lugar a execución de este convenio de conformidade co que dispón o Regulamento da Unión Europea 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento

de datos persoais e á libre circulación destes datos e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

9º.- En aplicación do previsto nos artigos 18 da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15 da Lei 9/2007, procederase á publicación da concesión e procederase a facilitar a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

10º.- É obriga da beneficiaria facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención municipal, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

SÉTIMA.-VIXENCIA DO CONVENIO

O presente Convenio terá vixencia ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos percibidos en concepto de subvención e a aprobación da conta xustificativa presentada pola entidade beneficiaria.

OITAVA.- CONTROL E SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo Alcalde do Concello e polo Presidente da beneficiaria.

Non obstante, AECC estará obrigada a facilitar toda a información, no suposto de que lle sexa requirida pola Intervención Municipal no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003

NOVENA.- COMPATIBILIDADE DE AXUDAS

As subvencións reguladas na presente orde serán compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, tendo en conta que o importe total das subvencións recibidas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, procedendo en tal caso o reintegro do exceso.

DÉCIMA.-GRADACIÓN DOS INCUMPRIMENTOS

Os criterios proporcionais de gradación de incumprimentos serán os seguintes:

- a) O incumprimento total e manifesto dos obxectivos de realización das actividades para os que se concedeu a axuda, será causa de revogación da axuda concedida.
- b) O incumprimento da adopción de medidas de difusión dará lugar á perda do dereito de cobro da subvención.

- c) Perderá o dereito ao cobro da subvención o beneficiario que non xustifique, a lo menos o 40% do proxecto inicialmente presentado, sen prexuízo de posibles modificacións.

DECIMOPRIMEIRA.- RESOLUCIÓN CONVENIO

Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia de calquera das partes
- O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

DECIMOSEGUNDA.- XURISICIÓN COMPETENTE

Dada a natureza xurídico-pública do presente convenio, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do mesmo serán resoltas pola xurisdición contencioso- administrativa.

DECIMOTERCEIRA.- CONSULTA DE DATOS

Salvo manifestación expresa en contrario de AECC, autorízase ó Concello a solicitar a outras Administracións Públicas os informes que sexan necesarios para a comprobación de datos sobre a documentación presentada, en concreto os certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social.

As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo, someténdose ó mesmo, as Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello vixente e á normativa de aplicación na materia.

E en proba da súa conformidade, os outorgantes asinan o presente, en duplicado exemplar, no Barco de Valdeorras, a 7 de setembro de 2020

POLO CONCELLO

Alfredo E. García Rodríguez



XUSTIFICACIÓN

D/Dña.....con
NIF..... en calidade de Presidente/a da Asociación/ Entidade
..... beneficiaria da subvención
concedida polo Concello do Barco de Valdeorras para gastos de
..... presenta a efectos de xustificación
da mesma a seguinte documentación:

- ☐ Memoria de actuación (ANEXO VII)
- ☐ Memoria económica (ANEXO VIII)
- ☐ Declaración asinada polo Presidente da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida e na que se acredite as actividades realizadas e financiadas pola subvención (ANEXO IX)
- ☐ Conta xustificativa da subvención asinada polo Presidente da Entidades dos gastos realizados con cargo á subvención (ANEXO X)
- ☐ Certificación, asinada polo Secretario da Entidade, das subvencións solicitadas ou concedidas ou outras axudas ou aportacións solicitadas ou recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados para a mesma finalidade, referida á data de xustificación (ANEXO XI)
- ☐ Declaración sobre posibilidade/imposibilidade de recuperación do IVE (ANEXO XII)
- ☐ Declaración da aplicación dos fondos da subvención (ANEXO XIII)
- ☐ Declaración de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou ben certificados se a subvención é de importe igual ou superior a 3.000,00 euros, salvo que xa se atopen en poder do Concello.
- ☐ Exemplar da documentación gráfica da actividade onde conste que a patrocina ou colabora o Concello do Barco de Valdeorras
- ☐ Facturas regulamentarias e xustificantes de pago

En..... ade202....

Presidente/a da Asociación
(sinatura)





ANEXO VII

SUBVENCIÓN DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS A FAVOR DA
ASOCIACIÓN/ENTIDADE.....
PARA.....

MEMORIA DE ACTUACIÓN XUSTIFICATIVA do cumprimento das condicións
impostas na concesión da subvención, indicando o desenvolvemento da actividade
realizada ou equipamento adquirido e os resultados obtidos (arts.72 e 75 RD 887/2006,
de 21 de xullo)

Importe da subvención obtida.....

D./D^a.

..... con
DNI.....,Presidente da Asociación/Entidade.....

..... poño de manifesto
que a entidade referenciada deu cumprimento ás condicións impostas nas bases da
convocatoria mediante a execución que de seguido se detalla:

Da realización da actividade ou equipamento adquirido se desprenden os seguintes
resultados:

En..... ade202.....

Presidente/a da Asociación(sinatura)



ANEXO IX

DECLARACIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS CON CARGO A SUBVENCIÓN

Pola presente, D, presidente da Asociación/ Entidade....., beneficiaria da subvención concedida polo Concello do Barco de Valdeorras por importe de€ para financiar a actividade consistente en declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que a subvención concedida se destinou os mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.
- Que todos os datos presentados nesta conta xustificativa son certos.
- Que todos os gastos presentados na presente conta xustificativa foron pagados na súa totalidade ó proveedor ou subministrador.
- Que non se recibiu ningunha axuda ou subvención de ningunha outra Administración Pública e cuxo obxecto coincida coa subvención cuxa conta xustificativa se presenta neste documento. E se non é así, indicouse no anexo de declaración de outras subvencións concedidas.
- Que os gastos foron reflectidos, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da entidade.
- Que con cargo á subvención concedida realizáronse as seguintes actividades:

Actividade

Importe


- 1.
- 2.
- 3.
- 4.

Co fin de xustificar a adecuada execución do gasto realizado e o fiel cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención ante o Concello do Barco de Valdeorras, emítese a presente declaración.

En, a de de 202.....

Presidente (sinatura)







Conta Xustificativa.

XUSTIFICANTES DO GASTO REALIZADO:

IMPORTE TOTAL	EUROS.
---------------	--------

En a de 202.....
PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN (sinatura)



ANEXO XI

CERTIFICADO DO CONXUNTO DAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS

D., con N.I.F. ,
En calidade de Secretario da Asociación/
Entidade....., beneficiaria da subvención concedida
polo Concello do Barco de Valdeorras por importe de€ para financiar a
actividade consistente enCERTIFICO

☐ Que dita asociación non percibe ou solicitou ningunha subvencións ou outras axudas ou aportacións para a mesma finalidade.

☐ Que dita asociación percibe ou solicitou as seguintes subvencións outras axudas ou aportacións para a mesma finalidade:

Subvencións ou outras axudas ou aportacións solicitadas	Organismo concedente (Xunta, Deputación, Empresas privadas, Socios, Donativos, Recadación veciños, Outros (especificar cales))	Importe

Subvencións ou outras axudas ou aportacións concedidas	Organismo concedente (Xunta, Deputación, Empresas privadas, Socios, Donativos, Recadación veciños, Outros (especificar cales))	Importe	Aplicación (a que gasto concreto se aplicaron os fondos percibidos)

En, a de de 202....
O Secretario (sinatura)

ANEXO XII

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D.^a.....
.....,con DNI
....., en nombre propio/ en
calidade de representante da
entidad.....

DECLARA (marque a que proceda)

☐ Que a entidade solicitante NON ten posibilidade de recuperar nin de compensar o IVE correspondente aos gastos presentados como xustificación, por canto non tiene obriga de realizar ningunha Declaración de IVE.

☐ Que a entidade solicitante realiza as correspondentes declaracións de IVE puidendo recuperar, en relación cos gastos presentados como xustificación, as cantidades e porcentaxes que se indican a continuación:

Cantidadeeuros
Porcentaxe de prorrata.....%

En, a de de 20.....



O PRESIDENTE
(SINATURA)



ANEXO XIII

DECLARACIÓN DA APLICACIÓN DOS FONDOS DA SUBVENCIÓN

D. _____
con _____ DNI _____ nº _____ domicilio _____ en _____
provincia de _____ en calidade de Presidente de _____
aos efectos da xustificación da subvención
concedida polo Concello do Barco de Valdeorras por acordo de Xunta de
Goberno _____ de data _____ DECLARA:

Que o meu gasto total realizado en relación ao proxecto/actividade subvencionada
ascendeu a euros co cal: **(Marque a que proceda):**

☐ Recibíronse outras subvencións ou axudas ou recursos de Entidades públicas ou
particulares non obstante non existe exceso na financiación do proxecto/actividade.

☐ Recibíronse outras subvencións ou axudas ou recursos de Entidades públicas
ou particulares e a suma das recibidas supera en _____ euros
o coste da actividade subvencionada.

Para que conste asina en _____ a _____ de _____ de 202....

Asinado:

O Presidente

